

Esta bolsa-homenaxe a Juan Lampón Outeiral ten por obxectivo lembrar a persoa dun alumno ben querido como foi Juan, e motivar todas e todos a seguir un modo de vida apaixonado polo deporte e responsable coas obrigas académicas e persoais. Para que vos fagades unha idea, Juan estudou no IES da Pobra do Caramiñal ata rematar o bacharelato, asistindo moitos dos días en bicicleta á clase. Compaxinaba os estudos co xadrez, xogaba ao hóckey a patíns (era o capitán e adestraba os pequenos), e saía a correr cedo, sendo a súa ruta favorita a subida á Curota. Pero o que máis lle gustaba eran os deportes acuáticos. Facía 3.000 metros na piscina de Ribeira, á que se desprazaba na súa bicicleta. E, sobre todo, o mar. Practicaba windsurf, vela lixeira, dorna a vela e cruceiro. Sendo monitor de vela daba clases no náutico, e chegou a ser profesor dos profesores do seu centro.

Organiza:
IES da Pobra do Caramiñal
Xobre 22 (Maño)
15940 A Pobra do Caramiñal



XVII Bolsa a deportistas

JUAN
LAMPÓN
OUTEIRAL
21/22

I ES A Cachada * I ES Espiñeira
I ES Félix Muriel * I ES Leliadoura
I ES Nº1 * I ES Praia Barraña
I ES da Pobra do Caramiñal

XVII Bolsa a deportistas

JUAN
LAMPÓN
OUTEIRAL
21/22

PARTICIPANTES

Todo o alumnado dos IES da Pobra do Caramiñal, Leliadoura, N°1 de Ribeira, A Cachada, Espiñeira, Praia Barraña e Félix Muriel.

PREMIOS

6 bolsas de 250 euros en material escolar, deportivo e/ou cultural (unha das cales queda reservada para o IES da Pobra do Caramiñal). No caso de alumnado de 2º de Bacharelato, o premio poderá destinarse a pagar a matrícula da universidade

SOLICITUDES

- ▶ Prazo e lugar de presentación: ata 19 de abril, por correo electrónico a ies.pobra.caramiñal@edu.xunta.gal, incluíndo currículum deportivo con xustificación de méritos. Todos os documentos escaneados en PDF.
- ▶ Publicación da lista provisional de candidaturas: 21 de abril.
- ▶ Período de reclamacións: 25 e 26 de abril.
- ▶ Listaxe definitiva de candidaturas: 27 de abril.
- ▶ Reunión do tribunal: 28 de abril.
- ▶ Publicación da listaxe de gañadores: 29 de abril.
- ▶ Entrega de bolsas: 6 de maio

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- ▶ Certificado da federación de estar federado/a.
- ▶ Certificado de pertenza a clubs ou escolas deportivas.
- ▶ Certificado de calquera outro mérito deportivo ou académico, emitido pola institución competente, que o alumnado considere oportuno.

INCOMPATIBILIDADE

Non poderá optar a unha segunda bolsa o alumnado que xa a gañase en edicións anteriores.

TRIBUNAL

O tribunal terá a seguinte composición:

- ▶ Presidenta honorífica: Dolores Outeiral Soto.
- ▶ Director do IES da Pobra do Caramiñal.
- ▶ Un profesor/a de cada centro participante, preferentemente do departamento de Educación Física.
- ▶ Un representante do alumnado e un representante das nais e pais elixido por sorteo público entre todos os centros participantes.

BAREMO

- ▶ Cualificación media do curso académico anterior (excepto alumnado de 1º da ESO, que será dos primeiros trimestres): de 0 a 10 puntos.
- ▶ Pertenza a unha federación: ata 3 puntos polo 1º club ou escola, e ata 0,5 puntos polo segundo, previa verificación por parte do tribunal de que o candidato está inscrito e participa regularmente nas actividades convocadas no curso actual.
- ▶ Pertenza a un club ou escola deportiva: ata 3 puntos polo 1º club ou escola, e ata 0,5 puntos polo segundo, previa verificación por parte do tribunal da inscrición e participación regular nas actividades organizadas polo club ou escola no curso actual.
- ▶ En caso de confinamento que non permita facer ningún tipo de actividades deportivas durante o ano, valorarase o currículum vitae da persoa deportista.
- ▶ Outros méritos (a valorar polo tribunal): ata 3 puntos, por competicións, logros deportivos, colaboracións en eventos deportivos, titulacións deportivas, méritos académicos, cursos de idiomas, conservatorio, etc., debidamente xustificadas pola autoridade ou organismo competentes.